

Área: Comité Arbitral

Circular nº 22 - Temp. 25/26

RECORDATORIO REGLAMENTARIO: TEMPOS DE XOGO, ACTAS E PROCEDEMENTOS

Co fin de unificar criterios e garantir o correcto funcionamento da competición, comunícanse as seguintes indicacións que deberán ser cumpridas polo colectivo arbitral:

DURACIÓN NA CATEGORÍA BENXAMÍN

Os encontros disputaranse en catro periodos de dez minutos, no caso de competicións en formato de concentración, os periodos serán de oito minutos.

ACTAS E RESULTADOS

Nas categorías de Minibalonmán, Alevín 5 e Alevín 7, os resultados deberán subirse na APP en goles e non en puntos, sendo ademais obrigatorio achegar a imaxe da acta en papel cuberta. Nestas categorías non se deberá realizar acta dixital. No resto das categorías infantil, cadete, xuvenil e sénior será obrigatorio, ademais, realizar o acta dixital. En todas as actas deberán figurar as persoas que participaron no encontro, cos seus roles correctamente indicados e incluír a persoa que fai de delegado/a de campo.

CATEGORÍA ALEVÍN 7

- a) Cando hai unha exclusión dun xogador ou oficial, o equipo perde un xogador que esté participando no encontro, cando dito equipo recupere a posesión do balón, o xogador excluído voltará ó terreo de xogo. Se a exclusión se produce coincidindo un 7 metros na contra, o ataque realizarase en inferioridade. O árbitro/a indicará cando entrar no terreo de xogo.
- b) A terceira exclusión dun xogador levará consigo a descualificación.
- c) Cada equipo disporá dun tempo morto no último período do encontro, terá que estar en posesión do balón para solicitalo.
- d) *NON SE PERMITE* a defensa Mixta (marcar individualmente a un xogador/a do equipo contrario, impedíndolle participar no xogo de ataque). *É DE OBRIGADO CUMPRIMENTO* por parte dos equipos realizar defensas individualizadas ou sistemas abertos (3:3), nunca sistemas pechados (6:0 / 5:1). O quebrantamento destas normas será apercibido inicialmente, e posteriormente sancionado con lanzamento de Sete Metros que executará o equipo atacante.
- e) Soamente se poderán realizar cambios de xogadores/as ao comezo de cada período, excepto en caso de lesión e previa parada do tempo de xogo (time-out), por parte dos

árbitros/as e coa autorización dos mesmos. Todos os xogadores inscritos no Acta de Partido deberán xogar, como mínimo, un (1) período de partido. Os árbitros serán os responsables de facer cumprir esta normativa. Calquera xogador/a pode participar no xogo durante todos os períodos e pode ocupar o rol de porteiro/a, o número de períodos que se queira, unicamente debe cambiar a súa indumentaria.

f) O xogo pasivo é aplicable nesta categoría.

CAMBIOS DE XOGADORES EN CATEGORÍA CADETE E INFANTIL

Durante o desenvolvemento do encontro, os reservas soamente poderán entrar no terreo de xogo cando o seu equipo está en posesión do balón, sempre que os xogadores aos que substitúan abandonasen o terreo de xogo.

PRAZO DE SUBIDA DAS ACTAS

Todas as actas correspondentes á xornada deberán estar subidas na xornada que se disputou o encontro e como moi tarde o domingo, co obxectivo de garantir o correcto rexistro e seguimento da competición ou a configuración de fases que rematan.

TELÉFONO DE EMERXENCIAS

Lémbrese a obrigatoriedade de chamar ao teléfono de emerxencias (670 89 23 28) en todos aqueles casos nos que se produzan situacións de violencia ou cando sexa necesario deter un encontro por algún acto violento.

O cumprimento destas indicacións é fundamental para asegurar o correcto desenvolvemento da competición. Agradecemos de antemán a súa colaboración e compromiso.



En Vigo a 09 de febreiro de 2025